



PRIMEIRA ACTA DA XUNTA ELECTORAL

Na vila de Ares e sendo as 13:00 horas do día cinco de novembro de dous mil dezaioito, reúnen-se no despacho de Dirección do CPI As Mirandas desta localidade, as persoas que máis abaixo se relacionan, nomeadas en virtude do artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, segundo a nova redacción dada polo Decreto 324/1996, do 26 de xullo, que regula a constitución da Xunta Electoral responsable da organización e supervisión do procedemento de elección dos membros do Consello Escolar, ao obxecto de tratar os seguintes asuntos:

Primeiro.- A Directora do Centro, D^a M^a Blanca Cortizas Gómez, que baixo a súa presidencia se realiza a reunión, dá lectura a tódolos presentes dos artigos 30 e seguintes do Decreto 92/1988, do 28 de abril, segundo a nova redacción dada polo Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino non universitario

Segundo.- Seguidamente, en virtude das disposicións antes mencionadas, procédese á constitución da *Xunta Electoral* do Centro, quedando a mesma estruturada da forma seguinte:

- **Presidenta:** D^a M^a Blanca Cortizas Gómez, Directora do Centro.
- **Vocais:**
 - D^a Eva Chans Miñones (Profesora)
 - D^a Gemma Amado Manso (Nai)
 - D^a M^a del Carmen Blanco Liaño (Persoal de administración e servizos)
 - D^a Clara Montero Martínez (alumna)

Actúa como *Secretaria* D^a. María del Carmen Blanco Liaño (persoal de administración).


Terceiro.- A Xunta Electoral, unha vez constituída e de acordo coa lexislación vixente, procede a aprobar a publicación das convocatorias dos distintos sectores de representación, así como a publicación dos seus correspondentes censos electorais, e establece o seguinte calendario electoral:

- **Día 5 de novembro:**
 - Publicación das convocatorias de eleccións nos distintos sectores educativos: profesores, pais/nais.
 - Publicación provisional dos censos dos sectores educativos citados.
 - Envío de escritos ao Concello e a ANPA solicitándolles a designación dos seus representantes.
- **Día 19 de novembro (Celebración da 2^a reunión da Xunta Electoral):**
 - Proclamación e posterior publicación de candidaturas por sectores de representación.
 - Aprobación definitiva de censos electorais, unha vez resoltas as posibles reclamacións.
 - Aprobación de modelo de papeletas e sobres dos distintos actos electorais.
 - Sorteio público da designación dos membros das mesas electorais.

- *Día 26 de novembro*: Celebración das votacións de:
 - Pais, nais e titores legais do alumnado, de 16:00 a 18:00 horas
 - Alumnado: de 11:10 a 11:20 horas
 - Profesorado: de 12:30 a 13:10 horas
- *Día 28 de novembro* (Celebración da 3ª e última reunión da Xunta Electoral):
 - Proclamación de candidatos electos.
 - Traslado á Xefatura Territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria das copias de actas das votacións efectuadas.

E sen máis asuntos que tratar, a Directora, como Presidenta da Xunta Electoral, levanta a sesión ás 13:15 horas do día, mes e ano ao principio mencionado e que, como secretario/a, dou fe.

Vº E PRACE:
A PRESIDENTA,



Asdo.: M.ª BLANCA CORTIZAS GÓMEZ

OS VOCAIS




Asdo.: GEMMA AMADO MANSO Asdo.: CLARA MONTERO MARTÍNEZ




Asdo.: EVA CHAVES FERNÁNDEZ Asdo.: M.ª CARMEN BUNCO LLANOS